



guía

DE LECTURA



TAMBRE

ALA DELTA



Raro

Marcos Calveiro

Ilustracións
Ana Pez

TAMBRE EDELVIVES

A obra

Título **Raro** / Autor **Marcos Calveiro** / Ilustradora **Ana Pez** / ADV, 21 / 37 páxinas

O autor

Marcos Calveiro naceu en Vilagarcía de Arousa en 1968 e reside na actualidade en Vigo, onde traballa como avogado. Neto de feirantes e taberneiros, desde pequeno sentiuse atraído polo poder da palabra. Iniciouse na escrita para a infancia e xuventude en 2006 e desde aquela, entre outros, foi recoñecido cos premios de literatura infantil Ala Delta, Merlín e O Barco de Vapor en lingua galega, e co Premio Lazarillo de literatura xuvenil.

Argumento

Tomás é un neno que ten un medo irrefreable a saír á rúa e vivir unha vida normal. Mentres pasa a vida na súa casa, observa pola ventá os perigos que o agardan fóra do seu fogar. Un día chegan novos veciños á casa de en fronte e mudan as escaleiras de entrada por unha rampla. Co decorrer dos días, tenta descubrir o motivo dese cambio e observa que unha sombra o axexa desde a fiestra da casa de en fronte. A sombra é Ana, unha nena en cadeira de rodas, quen queda atrancada no céspede por perseguir o seu can. Tomás vai na súa axuda e xuntos decátanse de que non teñen por que sentirse distintos ca o resto das persoas.

Comentario

Trátase da historia cotiá de dous nenos, Tomás e Ana, que non levan unha vida normal debido ás súas discapacidades. Tomás ten medo e ansiedade a traspasar a porta da súa casa, mentres que Ana se sente diferente pola súa deficiencia física, que a leva a estar nunha cadeira de rodas. Mais coa axuda de Ana, Tomás superará os seus medos internos e decatarse, botando unha ollada ao seu redor con ollos renovados, que «todos somos raros» coas nosas diferenzas. O suspense sobre a identidade de Ana mantén a atención e o interese do lector, mentres que o coidado nas escolllas léxicas e as frases curtas e sinxelas facilitan a lectura.

Temas

- A superación do medo irrefreable e das fobias.
- A curiosidade dos máis novos ante o descoñecido.
- A necesidade de saber enfrontarse á vida en sociedade.
- A solidariedade con aqueles que precisan axuda.
- A valoración da diversidade e da diferenza.

Reflexións

Todas as persoas, sexan adultas ou novas, nalgún momento do seu proceso vital, poden sentirse diferentes ao resto da xente ou padecer algún trastorno que lle impida desenvolver unha actividade rutinaria normal.

Xa que logo, calquera pode identificarse coa situación de inseguridade que viven os dous protagonistas desta historia, o que pode axudar no seu proceso de aprendizaxe e de maduración, ao mostrar que é posible superar os medos e aumentar a autoestima nas relacións sociais, pois, como ben di Ana, unha dos protagonistas, «sempre hai alguén máis raro ca nós».



Imos despegar.....

1. Atopa as seis diferenzas.



2. Observa a cuberta e le o resumo da contratapa.
Escribe sobre o asunto que trata o libro.

O libro trata de...



En pleno voo

1. Une correctamente e saberás o que lle sucede a Tomás cando intenta saír á rúa.

O aire	• •	atronábanlle na cabeza.
As pernas	• •	parecía que se movía baixo os seus pés.
As voces e os sons	• •	afrouxábanlle.
O chan	• •	volvíase irrespirable.

2. Fai a conta do que se indica.

- As ventás que aparecen nas páxinas 8 e 9.
Hai ventás.
- As escaleiras que aparecen nas páxinas 12 e 13.
Hai escaleiras.
- As persoas que aparecen nas páxinas 16 e 17.
Hai persoas.
- As casas que aparecen nas páxinas 36 e 37.
Hai casas.



1. Explica que momento da historia representa cada unha das imaxes.









2. Di se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes oracións.

- a. O mestre, o adestrador e a doutora ían á casa de Tomás.
- b. Tomás, cando tentaba saír á rúa, desmaiábase.
- c. Os obreiros fixeron unha rampla onde antes estaban as escaleiras de entrada.
- d. A nena na cadeira de rodas saíu tras do seu gato.
- e. Tomás e Ana quedaron en verse ao día seguinte.

Obradoiro de creatividade

1. Imaxina que tes un medo irrefreable ás arañas. Continúa a historia, explicando o que sentirías e como actuarías.

Un día estaba só na miña casa e, cando fun ao meu cuarto, atopei unha enorme araña negra enriba da miña cama.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

2. Escribe tres accións que realizarías se foses alcalde dunha vila para facilitarlles a vida ás persoas cegas.

1.
2.
3.



Suxestións de actividades

Imos despegar

- **Adiviña como son.** Á hora de escoller o título, o autor optou por un adxectivo que define o protagonista. Antes de calquera actividade, pedirémoslles aos nenos e nenas que interpreten o título que propuxo o autor e que digan o que eles consideran «raro». Despois realizaremos un xogo de adiviñas no que, empregando cartolinas con debuxos de obxectos, comidas, persoas..., deberán caracterizalos cun adxectivo. Por exemplo: *plátano* (amarelo), *sopa* (quente), *anel* (redondo)...

En pleno voo

- **A casa dos meus soños.** Ao longo da lectura, os nenos descubren que as vivendas se adaptan aos seus donos. Primeiramente, o mestre ensinará o nome das diferentes partes da casa e dos obxectos e mobles máis habituais. Despois, de maneira individual, cada alumno deseñará e debuxará unha casa, adaptada aos seus gustos e necesidades.
- **Vexo, vexo.** As ilustracións de Ana Pez para esta historia están cheas de pequenos detalles que, nunha ollada rápida, se nos poden escapar. Pedirémoslle ao alumnado que observe detidamente as ilustracións do libro e que fagan unha listaxe con todos os obxectos que aparecen nelas. E que tamén anoten cantos animais en total aparecen nas ilustracións.

Aterrando

- **Somos especiais?** Seguramente no colexio ou na aula haxa nenos e nenas que se consideran «diferentes» por ter algún tipo de alerxia alimentaria (ao glute, á lactosa, ao ovo...), algún trastorno do comportamento (autismo, déficit de atención, hiperactividade...) ou algunha deficiencia física ou psíquica (invidente, xordo, parálise...). Outros nenos ou nenas tamén terán as súas pequenas manías ou medos. Despois da lectura, sería interesante provocar na aula unha charla na que cadaquén fale das súas «diferenzas» e expliquen en que consisten e que obstáculos encontran na vida cotiá. Tamén poden dicir se coñecen alguén con algunha destas características. É momento de que o profesor ou a profesora faga ver que, independentemente dos trazos diferenciais de cada un ou de cada unha, todos somos iguais e temos que recibir un trato semellante.



Solucionario

Imos despegar

1.



En pleno voo

1. O aire volvíase irrespirable.
As voces e os sons atronábanlle na cabeza.
As pernas afrouxábanlle.
O chan parecía que se movía baixo os seus pés.
2. Hai 15 ventás.
Hai 6 escaleiras.
Hai 19 persoas.
Hai 14 casas.

Aterrando

1. Tomás non podía saír á rúa.
Os operarios fan a mudanza dos novos veciños.
Tomás e Ana axéxanse pola fiestra.
Tomás sae á rúa, axuda a Ana e dálle o seu can.
2. a. (V); b. (F); c. (V); d. (F); e. (V).

Fragmentsos especiais

Tomás non podía saír á rúa. De ningún xeito. Por ningunha causa.

Se o tentaba, o aire volvíase irrespirable, non lle entraba polo nariz.

As pernas afrouxábanlle; parecía que o chan se movía baixo os seus pés.

As voces e os sons da rúa atronábanlle na cabeza.

Todo ao seu redor resultaba inestable.

(Páxs. 8-11)

—Todos somos raros —atallou Ana ollando ao seu redor.

Tomás observou a todos os que pasaban pola rúa nese instante. E axiña se decatou: un vello con orellas peludas de trasno, unha muller de robóticos andares, un neno de ollos saltóns, un home con dentes de fera salvaxe...

Ana levaba razón.

—Si, todos son raros —repetiu el.

—Sempre hai alguén máis raro ca nós.

(Páxs. 33-34)

Queres a Guía de Lectura doutro Ala Delta?
Solicítala en: info@edelvives.es